



## O IÃ³xico rexurdir de Rusia

### Description



Era cuestiÃ³n de tempo e circunstancias. O tempo que precisou Putin para consolidar un poder polÃtico no Kremlin despois da esmorga de Yeltsin, e a circunstancia do longo desparrame da potencia estadounidense que perdeu a sÃ³a grande ventaxa de poder proxectarse en calquer parte do mundo. O ataque de Saakashvili, incomprensÃbel atÃ© que saibamos mÃjis do que pasou entre bastidores, deu o toque xusto para aperseizoarse a situaciÃ³n ideal. Pero o prantexamento estaba claro, polo menos, desde o discurso de Putin na Conferencia de Seguridade de Munich en febreiro do ano pasado. Foto: Retrato de Vladimir Putin nunha rÃªa de Tskhinvali, capital da repÃ³blica separatista de Osetia do Sur.

Xa tÃ±amos arrumbados os clÃsicos da XeopolÃtica, alÃi nas prateleiras mÃjis altas dos cuartos de estudo. Era unha disciplina sospeitosa e pouco invocada. Pasara por moitos avatares, desde os inicios no pensamento de Halford Mackinder atÃ© o suicidio de Haushofer, o xeneral e profesor do que poden atoparse tantas pegadas no Mein Kampf hitleriano. Haushofer fora absoldido en Nuremberg, pero suicidou-se pouco despoÃs, coa sÃ³a muller.

As anÃlises xeopolÃticas colleron algÃn cheiro de xofre pola influencia que din que tivo ese pensamento na polÃtica nos tempos en que AlemaÃa pensaba o mundo, como se dÃ no tÃtulo do libro de Korinman sobre aquela Ãpoca. Semella que ninguÃn quere falar moito daquela XeopolÃtica ÃcÃ?Ã?duraÃcÃ?Ã?, e, por veces, vese agora o adxetivo como simple sinÃ³nimo de relaciÃ³ns internacionais.

E, con todo iso, hai quen ven sospeitando que talvez nos estivemos privando dun instrumento anÃlítico Ãtil. Esa sospeita dase maiormente nos que prefiren modelos realistas e non idealistas do comportamento dos protagonistas das relaciÃ³ns

internacionais. Talvez non anden moi descamiñados os que pensan que o modelo realista, de Realpolitik, acaba garantindo millor unha certa paz, que pode ser o máis que cabe pedir. Hai moitas vítimas da boa vontade ao longo da historia, aínda que se fale pouco delas.

En termos xeopolíticos non tería por qué causar sorpresa que Rusia, a pouco que se organizou no interior, volte a afirmarse no mundo co seu peso continental e a súa herdanza dun pensamento imperial semellante ao das outras grandes potencias. Non podía deixar o seu futuro nas mans dunha potencia hexemónica como EEUU e un contrapeso hipercriticamente suave da UE.

Era cuestión de tempo e circunstancias. O tempo que precisou Putin para consolidar un poder político no Kremlin despois da esmorga de Yeltsin, e a circunstancia do longo desparrame da potencia estadounidense que perdeu a súa grande ventaxa de poder proxectarse en calquer parte do mundo. O ataque de Saakashvili, incomprendible até que saibamos máis do que pasou entre bastidores, deu o toque xusto para aperfeizoar a situación ideal. Pero o prantexamento estaba claro, polo menos, desde o discurso de Putin na Conferencia de Seguridade de Munich en febreiro do ano pasado. Sen falar das repetidas accións declarativas como a saída do tratado de armas convencionais en Europa, e tantas outras.

E aquí estamos de novo nun campo de batalla polo corazón continental que definira Mackinder. Os nomes dos lugares en que se desenvolve o drama son familiares desde os tempos victorianos. Outra vez a Fronteira do Noroeste, o Paso do Khyber, Kandahar, Lahore, o Turquestán. O Gran Xogo, de novo.

Outro xeopolítico máis vello, o Almirante Mahan, formulara a doutrina da importancia do dominio dos mares. Dáxose moito que iso xa non conta hoxe. Pero está ben claro que aí está a forza dos Estados Unidos, e que o enfrontamento volve a ser entre as terras do corazón continental e o reino de Neptuno. A balea americana e o urso ruso. E aí vai para o Mar Caspio unha axuda humanitaria a bordo de barcos de guerra. E volvemos a falar, como na vella diplomacia, dun vello tratado, a Convención de Montreux de 1936, que non permite presenza de buques de guerra nese mar por máis de tres meses, e iso se Turquía os deixa entrar.

Semella que hai que tirarlles a poeira aos libros de Haushofer, Mackinder e Mahan para ver de entender o que pasa.

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

## APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Rusia ARQUIVO

### IDIOMA

Galego

### Date Created

Setembro 4, 2008

### Meta Fields

**Autoria :** 10041

**Datapublicacion :** 2008-09-04 00:00:00